

Ponteareas, pioneiro en infraestrutura verde

Páxina 3

Inventario de 179 fontes públicas en Ponteareas

Páxina 8

Mondariz sen Orzamentos 2024

Páxina 9

Covelo creará unha comunidade enerxética

Páxina 11

O Porriño presenta a súa Axenda Urbana e Rural

Páxina 13

Concello de Mos e Xunta acordan o "Novo Puxeiros"

Páxina 14

Salceda ten remanente de 1,4M€ en tesourería

Páxina 15

Entrevista co Alcalde da Cañiza Luís Piña



Páxina 16



A LVIII Festa do Xamón da Cañiza reforzará a súa identidade

Páxina 10

Homenaxe a Guillermo Rodríguez polos 40 anos da Peneira

Páxinas 4 e 5



Un verano más pensando en ti

HASTA **50%** DE DESCUENTO

pikolin Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics Concha Brey, 4 PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Cando a historia se fai presente

Días pasados o Ateneo Amado Garra de Ponteareas, presidido por Roberto Mera, acordou facerme unha homenaxe.

Para os que non asistiron ao acto e polo tanto non puideron escoitar o "meu discurso", vou tentar resumilo neste editorial para que perdure no tempo. Se a homenaxe era polos 40 anos largos do nacemento do xornal A PENEIRA é lóxico que dalgún xeito eu agradeza o xesto.

Como xa dixen no acto, A PENEIRA non foi unha obra dunha persoa. A PENEIRA naceu dun acordo entre un grupo de persoas que naquel momento entendían que Ponteareas e a Comarca do Condado Paradanta (que logo serían dúas comarcas por obra e gracia de César Mera que quería disputarlle o Poder a Pepe Castro) non aparecía reflexada como debiera nos medios que por estes lares estaban nos mostradores das cafeterías: Faro de Vigo e La Voz de

Galicia, aínda que con moita menos difusión; non informaban do que realmente pasaba: o Poder Municipal nas mans de alcaldes que viñan dos tempos escuros e que, polo tanto, tiñan pouco ou ningún interese en que os cidadáns foran informados debidamente do que realmente ocurría.

Viñamos de aprobar unha Constitución que devolvía aos veciños unha serie de poderes democráticos pero que por estes pagos non eran ben recibidos. É neste caldo de cultivo antidemocrático como nace A PENEIRA.

Que a min se me encargue de poñela en marcha, pola miña relación cos medios (era correspondente de Faro de Vigo neses momentos) non foi máis que unha casualidade. Podería ser igualmente outra persoa que sintonizara con aquel grupo de homes e mulleres que entendían había que facer algo. Viñamos dunha longa noite de pedra,

aquí diríamos de escurantismo e arrogancia política e era preciso un cambio. Obviamente, ese cambio non podía facelo unha soa persoa. Fomos moitos os que de maneira orquestrada realizamos ese labor de desbroce precisa para ir abrindo camiños.

Como dixen na miña participación no acto de homenaxe, A PENEIRA fixo o que fixo, chegou a onde chegou, pola concertación de ducias, centos de homes e mulleres que dende distintos estamentos e lugares de orixe estiveron sempre dispostos a responder ás nosas solicitudes de colaboración. Escritores, humoristas, anunciantes, sen os que sería imposible poder sufragar o que significa poñer un xornal na rúa. A PENEIRA non tivo pais putativos, foi filla dunha familia social que coincidía nunha cousa fundamental: había que romper con aquel silencio informativo que se vivía por estes lares.

Se o fixemos mellor e menos malo serán

os lectores os que o digan. O que si podo asegurar é que a familia de A PENEIRA era e segue sendo moi extensa, moi diversa e moi comprometida cunha Galiza ceibe de poderes alleos, cunha Galicia que poida vivir e desenvolver todo o seu poderío industrial, agrícola e de pensamento. Cun País que non teña que emigrar para dar de comer aos seus fillos. Para que ningunha nova Rosalía teña que cantar aquilo de "Galicia sen homes quedas que te queiran traballar". Que todos e todas poidamos traballar aquí e realizar os nosos soños de futuro en liberdade e democracia.

Isto é o que A PENEIRA defendeu dende o numero 0. Isto é o que segue defendendo na medida das súas posibilidades.

A miña profunda gratitude a todas as persoas que estiveron presentes na homenaxe e a as que mandaron os seus saúdos por calquera medio dos habituais. Grazas a todos e a todas.

SEVERO
VINOS
COMIDAS
desde 1956
Morales Hidalgo N° 3 PONTEAREAS
986 64 01 43 - 645 862 380

ELECTRICIDAD
ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior
bouza@electricidadbouza.com
BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.
Rosalia de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

Moda - Decoración
Complementos
ROMERO
desde 1890
Constitución, 3 - PONTEAREAS
☎ 986 640 008

GASOLEOS
TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

LIMPIEZAS
PONTEAREAS
Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas
986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

FORO A PENEIRA
Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZIA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Ponteareas, pioneiro en Estratexia de Infraestrutura Verde

O Concello de Ponteareas é o primeiro de Galicia en deseñar o seu futuro verde ata o 2050. A alcaldesa, Nava Castro, e o director da Fundación Juana de Vega, José Manuel Andrade, presentaron a estratexia "Infraestrutura Verde de Ponteareas" que contempla 8 obxectivos, 40 liñas estratéxicas, 50 accións e 43 propostas concretas a desenvolver nas 24 parroquias deseñada e xestionada para a conservación dos ecosistemas.

Ponteareas posiciónase así á cabeza das entidades locais que, de acordo ás directivas europeas, estatais e autonómicas, planifica o seu futuro da man de solucións basadas na natureza (SBN). Entre as iniciativas se contemplan a realización dun estudo da biodiversidade nas áreas núcleo e corredores ecolóxicos da infraestrutura verde municipal; a revisión do trazado das vías propostas no



PXOM que supoñen afeccións a áreas núcleo ou corredores ecolóxicos, coa avaliación de alternativas de baixo impacto; ou o desenvolvemento de medidas de xestión ecolóxica dos tramos de corredores fluviais afectados por liñas de alta tensión, tendidos eléctricos ou cortalumes convencionais.

Tamén están un estudo de atropelos de fauna, a restauración ecolóxica e deseño do "parque-

viveiro das alfombras florais" no espazo de oportunidade entre a rúa de San Joaquín/Santa Ana e a Rúa Real (N-120); a restauración ecolóxica da praia fluvial da Freixa e integración paisaxística do camping aplicando criterios de baixo impacto (LID), ou a naturalización de solares en espera de urbanización para evitar a proliferación de especies exóticas invasoras son outras das accións da Infraestrutura Verde de Ponteareas.

70.000€ en axudas para traídas de augas



A concelleira de Infraestruturas do Concello de Ponteareas, Raquel Bautista, informou da publicación no Boletín Oficial da Provincia as bases para solicitar as axudas para as comunidades de usuarios de augas de consumo, destinando o Concello unha partida de 70.000€ de fondos propios.

Entre as iniciativas están axudar ás traídas de augas legalizadas a cubrir gastos de adquisición de equipamentos e materiais así como man de obra para

tarefas de limpeza e mantemento, captación de augas, mantemento dos sistemas de almacenamento e potabilización, rede de distribución da auga, conexións eléctricas, sistemas de bombeo, peches e seguridade nas instalacións, publicidade, cartelería, asesoría, xestería ou consultoría, medición e control da calidade da auga, inscrición no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo e realización de protocolo sanitario, entre outros traballos.

Entrega de dispositivos TPV para axilizar os pagos

O Concello fixo entrega aos responsables de Recadación, Cultura e Policía Local, de dispositivos TPV con lector integrado Q60 para a xestión de cobranzas con tarxeta de pago. Así, o contribuínte poderá pagar con tarxeta no departamento de Rendas tributos e prezos públicos como os de baleirado de fosas sépticas, taxas expedición documentos, matrículas do conservatorio e escola de música, ludoteca, taxas de exame, permisos de obras e ocupación de vías, entradas no Au-



ditorio Municipal ou abonar a taxa para a entrega dun vehículo no depósito municipal.

PSOE: "o proxecto da nova Praza de Abastos é un despilfarro"

Os socialistas ponteareáns critican que "o PP ven de publicar a boombo e platillo o proxecto que quere facer na nave de Aceiros" cando no goberno anterior o PSOE destinou fondos europeos para o proxecto da nave onde se construíría un gran espazo destinado á cultura. Alertaron igualmente que o goberno de Nava Castro pon en risco a chegada dos fondos europeos conseguidos para a rehabilitación

de dito espazo e que é un "despilfarro de diñeiro público" o proxecto da Praza de Abastos. Denuncian tamén a inexistencia de aparcamento propio na nova praza de abastos o cal "non resultará práctico nin vai a invitar aos veciños e veciñas a achegarse á praza", temendo que "a ocorrencia do PP sexa que os usuarios da praza de abastos estacionen no parking da área comercial que se instalará na nave de Granitos".

Autoescuela PONTEAREAS
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

PANADERIA A BROA CAFETERIA
Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

viveiros canedo
CENTRO DE XARDINERÍA
Rúa Real, s/n - N-120
Km. 645.5
Ponteareas - Pontevedra
Telf. 986 669 960
info@viveiroscanedo.com
www.viveiroscanedo.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Homenaxe do Ateneo Amado Garra a Guillermo Rodríguez no 40 aniversario de A Peneira

N unha sala multiúsos do Auditorio Reveriano Soutullo ategada de amizades, familiares e personalidades da vida política, social e cultural, o pasado venres 9 de agosto celebrouse unha homenaxe a Guillermo Rodríguez. Andrea González, neta de Guillermo, foi a encargada de conducir o acto. Tras a actuación de apertura da cantante Uxía Senlle, Andrea González repasou de forma completa e concisa a biografía do seu avó, mestre, xornalista e activista social. De seguido tomou a palabra o Presidente do Ateneo Amado Garra, Roberto Mera. Tras salientar que “só por este acto xa pagou a pena crear o Ateneo Amado Garra hai apenas oito meses”, Mera abordou a traxectoria de Guillermo Rodríguez e A Peneira establecendo un paralelismo histórico con Amado Garra e o xornal El Tea, fundado e dirixido polo líder agrarista entre 1908 e 1936.

Logo da súa intervención proxecciónse un audiovisual, producido por Emilio Rodríguez Otero, guiñado polo propio Mera e sustentado no arquivo gráfico de A

Case 200 persoas participaron nun acto no que actuou Uxía Senlle, interviron numerosas amizades e se proxectou un audiovisual sobre a traxectoria de Guillermo Rodríguez e A Peneira



Guillermo pechou o acto no auditorio.

Peneira e da filla do homenaxeado, Susi Rodríguez. O documental achegou ao público as contribucións de Guillermo Rodríguez e A Peneira á sociedade e ao País. A

través de imaxes, moitas delas históricas e simbólicas, lembrouse o legado de A Peneira como hermeroteca imprescindible para entender os últimos 40 anos de Ponteareas e as comarcas do sur de Galicia, e como arquivo gráfico excepcional, con milleiros de fotografías nas que quedou documentada boa parte da nosa historia recente. Ademais, salientouse o compromiso de A Peneira e de Guillermo Rodríguez coa lingua galega, única, xunto co portugués, empregada no xornal, e a promoción da cultura galega a través das súas páxinas ou de suplementos como Kalaikia ou O Farelo, revista de humor gráfico, na que colaboraron os principais creadores

do noso país. A aposta pola integración do espazo galego portugués, a través de iniciativas como A Peneira Minhota ou Novas do Eixo Atlántico tamén foi lembrada

no traballo audiovisual. O apoio á escola e á educación, a través da Peneira na Escola, ou do deporte, coa Peneira Deportiva, tamén foron destacadas e deron paso ao papel das editoras da Peneira, EGASUR e Edicións Alén Miño, na publicación de traballos de investigación histórica e obras literarias ao longo destes corenta anos. Por último, salientouse a aposta de Guillermo Rodríguez polo debate, a análise e a reflexión a través de iniciativas como o Club de Opinión Alén Miño ou o Foro A Peneira, que organizaron nestas décadas actos e xornadas con importantes ponentes.

Tras o audiovisual tomaron a palabra diferentes amizades de Guillermo Rodríguez como Anxo Serafín Porto e Francisco Candeira, ambos os dous profesores e investigadores históricos, Miguel Barros, profesor e escritor, Santiago Veloso, profesor e coordinador de A Peneira na Escola e de Ponte nas Ondas e Monse Rodríguez, filla do homenaxeado. Todos e todas salientaron a entrega de Guillermo Rodríguez e o seu carácter incansábel e com-



Andrea, neta do homenaxeado, presentou o acto.



Roberto Mera, presidente do Ateneo Amado Garra.

CONFITERIA

Especialidade en rosquillas e melindres

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

PONTEAREAS

prometido co xornalismo e con numerosas causas sociais.

Ademais destas intervencións en vivo, Guillermo Rodríguez e A Peneira recibiron no audiovisual o recoñecemento de outras persoas como a xornalista Amparo R. Ojea, o fotógrafo Ricardo Grobas, o xornalista Xurxo Salgado, o debuxante Xosé Lois "O Carrabouxo", a representante da Entidade Regional de Turismo do Porto e Norte de Portugal, Cristina Mendes, o xornalista deportivo Terio Carrera, o escritor e xornalista Manrique Fernández, a escritora Fina Casallerrey, a cantante Uxía Senlle, o ex-vice-presidente da Xunta Anxo Quintana, o mestre e ex-alcalde do Porriño Raúl Francés, o director do Festival de Cans, Alfonso Pato ou a presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí Maite Isla.

Tras as intervencións, e por desexo da Alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, acompañada do presidente do Ateneo Roberto Mera, fixo entrega a Guillermo Rodríguez dun recordo en nome do Concello e deu os parabéns ao homenaxeado. Outro tanto fixeron os amigos de Guillermo Rodríguez na asociación Chambo Libris que preside actualmente.

O acto rematou cunha nova actuación de Uxía Senlle quen incluíu no seu repertorio final varias cancións populares galegas con variacións na súa letra adicadas á Peneira e Guillermo Rodríguez.

Tras o evento, case un cento de asistentes desfrutaron dunha cea cóctel servida polo Restaurante O Castelo no parque da Feira Vella, rematando a festa no pub JJ Copas da localidade.

O Ateneo Amado Garra amosouse moi satisfeito coa resposta social e a repercusión da homenaxe, lembrando, a través do seu Presidente Roberto Mera, que "non hai actividade máis gratificante que o acto de xustiza consistente nun recoñecemento público a quen o merece. E non é casualidade que fagamos esta homenaxe porque con ela tamén rescatamos a tradición e a cultura dos recoñecementos en vida tan habituais nos tempos de Amado Garra e dos que el tamén foi protagonista como homenaxeado".

Dende a súa creación en decembro de 2023 o Ateneo Amado Garra celebrou homenaxes e actos de recoñecemento ao propio Amado Garra, aos republicanos Alejandro Viana e Francisco Candeira, responsabeis da evacuación dos republicanos en Francia e, agora, a Guillermo Rodríguez.



Guillermo Rodríguez no acto da homenaxe.



Guillermo Rodríguez no acto da homenaxe.



Pancho Candeira, Miguel Barros, Santi Veloso, Montse Rodríguez e Anxo Porto.



Uxía agasalou a Guillermo coa súa voz.



Guillermo coa súa familia.



Con antigos alumnos de Leirado.



Con Uxía.



Mesa da cea na Feira Vella.



Cea na Feira Vella.



Guillermo con colaboradores de A Peneira.

Fotografías Hernandez

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

BNG recolle sinaturas pola Sanidade Pública

A concelleira do BNG e deputada no Parlamento Galego, Cristina Fernández Davila, estivo presente no inicio dunha recollida de sinaturas entre a veciñanza ás portas do Centro de Saúde para esixir que a Xunta dote o centro de saúde da localidade do persoal sanitario suficiente para unha atención sanitaria digna.

Davila denunciou que "a falta de persoal provoca que miles de veciñas e veciños de Ponteareas non teñan médica ou médico asignado, que supriman a quenda de tarde e que en moitos casos as persoas doentes teñan que agardar máis de cinco semanas



para obter unha cita". Ademais lembrou o "colapso" da Unidade de Saúde Mental e acusou que "os gobernos do PP no Concello e na Xunta despregan unha cortina

de fume falando da construción dun novo centro de saúde, que se situará fronte a clínica privada familiar da concelleira do PP, Raquel Plana"

Rehabilitación enerxética na residencia Santa Ana

O Concello de Ponteareas abriu a licitación para a rehabilitación enerxética do edificio da residencia de maiores Santa Ana construído en 1979 e no que viven a diario 32 persoas asistidas por un total de 21 profesionais dos coidados.

O Concello adjudicará a mellora da accesibilidade no acceso principal á residencia pola rúa Santa



Ana, a ampliación do número de aseo accesibles no andar baixo xa que na actualidade so hai un; mellora da envolvente térmica en fachadas, cuberta e carpintería exterior para reparar as deficiencias existentes e mellorar a eficiencia enerxética do conxunto e a substitución da iluminación por unha máis eficiente coa finalidade de reducir os custos en electricidade.

Rescate canino para persoas desaparecidas



O Concello de Ponteareas e a Asociación Grupo de Búsqueda Rescate Cans Sur de Galicia (G.B.R. CANSUR-GAL) asinaron un convenio de colaboración para cubrir emerxencias na procura de persoas desaparecidas.

Seis cans guiados polos seus donos e voluntarios de CANSUR-GAL conforman esta unidade ci-

nológica que adestra no cámping da Freixa e en distintos puntos da zona como campos abertos, bosque con maleza, ruínas ou interiores para estar en forma e acadar resultados vitais. Sen ánimo de lucro e empáticos, este grupo de guías voluntarios recibe formación básica para un mellor desempeño das súas funcións.

Aprobada proposta do BNG sobre transporte estudiantil

O pleno do Concello celebrado o 30 de xullo aprobou por unanimidade unha proposta do BNG, defendida pola concelleira e deputada no Parlamento Galego Cristina Fernández, para instar á Xunta a "garantir o acceso ao servizo de transporte público ás

e aos estudantes do ensino post-obrigatorio e a súa conexión cos centros de ensino de referencia e universidades e "mellorar o servizo de transporte público por estrada no rural, con especial atención ás conexións das vilas como Ponteareas coas cidades e os servizos de referencia".

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castañal, 14 baixo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

TAPERÍA - CERVEXARÍA

A Fragha

Telf: 622 024 787 - PONTEAREAS

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferretería

✉ comercialareas@hotmail.com
☎ 986 66 11 91 - 629 52 24 18
🏠 Areas Picoto 36861 - Ponteareas

LOVECARS[®]

www.lovecars.es

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE

Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS *Non pechamos cocina*

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS

☎ 667 40 19 07
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

O CSIC investiga o "castro mineiro" da Croa

Alcaldesa, Nava Castro, acompañada do Concelleiro de Ensino, Ricardo González, e da Concelleira de Urbanismo, Silvia F. Táboas, recibiu a un grupo do Instituto de Historia do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) que investiga o "castro mineiro" da Croa, en Ribadetea, atraídos pola singularidade e polo seu potencial patrimonial e científico deste asentamento romano.

Esta colaboración entre o CSIC e o Concello permitirá coñecer a estrutura deste asentamento e comparalo cos castros da Idade de Ferro, e tamén con outros castros romanos relacionados coas minas



escavados na Asturia romana, no occidente leonés e na zona das serras orientais galegas como Ancares ou O Courel. Estas investiga-

cións están enmarcadas no proxecto do Ministerio de Ciencia INDIGENAE, dirixido por Brais Currás do grupo de investigación EST-AP.

Volve Bailotea

O festival de música electrónica Bailotea volve a Ponteareas este 14 de agosto no aparcamento público Sarmiento Rivera, con concertos adiados en maio por mor da mala climatoloxía.

A programación está encabezada polo disc-jockey Ballesteros, un dos máis afamados do momento con máis de 300 actuacións en diferentes países no que vai de ano. O cartel complétase co DJ



porriñés Groove Amigos, con Joy-se, Toni Seijas, Manu Pérez, DJ Crazy e Eli DJ. Este evento conta co apoio de Xuventude da Xunta

de Galicia, da Deputación de Pontevedra e de patrocinadores privados ademais do apoio do Concello de Ponteareas.

Travesía a nado Vila do Tea

Un total de 250 deportistas participarán na praia da Freixa dunha nova edición da travesía a nado Vila do Tea, organizada polo Club Natación Ponteareas co apoio da Xunta de Galicia, Deporte Galego, Deputación

de Pontevedra e Concello de Ponteareas dentro da Copa de España, formando parte tamén do circuito galego Arzúa Ulloa da disciplina.

Por outra banda, a praia da Freixa conta xa cunha cadeira anfibia especial para desprazarse

pola area e flotar na auga, "un recurso necesario e indispensable para que as persoas con mobilidade reducida poidan desfrutar da praia da Freixa ao igual que o resto da cidadanía", salientou a alcaldesa Nava Castro.

Analizan crear unha comunidade enerxética local



O deputado provincial, Javier Tourís, e a Alcaldesa de Ponteareas e tamén deputada provincial, Nava Castro, reuníronse para estudar a posta en marcha dunha comunidade de produción de enerxía

fotovoltaica para equipamentos públicos do Concello, a través da Oficina de Transformación Comunitaria da institución provincial +Renovables financiada cos fondos NextGenerationEU e con sede no Polígono de Barro.

Área REXURBE para o centro urbano

O pleno da Corporación de Ponteareas aprobou por unanimidade solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a declaración de Área de Rexeneración Urbana de Interese Autónomo (REXURBE) para 177.684 m2 do centro urbano na procura de revitalizar zonas que foron esquecidas ou que sufriron un notable

deterioro co paso do tempo. Esta declaración abrangue un total de 307 edificios con 827 vivendas, englobando tamén o percorrido das alfombras de Corpus Christi, festa declarada Ben de Interese Cultural (BIC) e permitirá ao Concello optar por apoios económicos e executar accións de mellora de infraestruturas básicas.

Convenio con Cruz Vermella

Alcaldesa Nava Castro e o presidente da Asamblea Comarcal Cruz Roja Condado, Carlos Pérez, asinaron un convenio de colaboración para implantar iniciativas que combatan a soidade e a escaseza de

recursos. dentro do programa de acompañamento "+Preto de ti" e o programa "Benestar e Reactivación social" dirixido a aquelas persoas en situación de extrema vulnerabilidade ou exclusión social.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Unha Biblioteca Pública na Praza de Abastos

O Concello de Ponteareas, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), recibiu máis dun cento de propostas para a transformación do antigo mercado en biblioteca municipal.

A alcaldesa Nava Castro salientou que o importante número de proxectos presentados e chegados dende distintos puntos de España simboliza o atractivo da proposta e a importancia de desenvolver accións da man de expertos como o COAG, o maior referente en arquitectura de Galicia. O xurado elixirá o gañador e adjudicatario



do contrato de redacción do proxecto final e dirección de obra. O Concello entregará un total de 27.500€ en premios, sendo o primeiro premio de 10.000€; o segundo de 7.500€; o terceiro premio 5.000€; o primeiro accésit 2.500 € e o segundo accésit 2.500€.

Ponteareas ten 179 fontes públicas

A concellería de Infraestruturas Xerais, Saneamento e Augas do Concello de Ponteareas conta xa co primeiro inventario de fontes públicas do termo municipal. Un informe que recolle 179 fontes coas súas características físicas, localización, estado, tipo e dereito de uso.

Este inventario realizouse co fin de inventariar e avaliar as fontes de auga superficiais para poder optimizar a planificación e localización do seu uso potencial. No informe recóllese unha repor-



taxe fotográfica de cada unha das infraestruturas e a localización exacta das mesmas realizouse me-

diante a toma de datos con GPS segundo o método de posicionamento en tempo real RTK.

Vacacións en Paz cos nenos saharauís



A alcaldesa, Nava Castro, e o primeiro tenente de alcaldesa, Juan Carlos González, recibiron a tres nenas e un neno que participan no programa Vacacións en Paz que desde 1991 desenvolve Solidariedade Galega co Pobo Saha-

rauí (SOGAPS), a petición expresa do goberno da República Árabe Saharaí Democrática (RASD), para posibilitar o intercambio cultural e estreitar vínculos entre catro familias ponteareas e catro familias saharauís.

Once propiedades solicitaron axudas para a rehabilitación

O BNG amosou a súa satisfacción tras coñecer os datos publicados pola administración local que indican que once propiedades do centro urbano xa solicitaron axudas para a rehabilitación de edificios ao abeiro da Área de Rehabilitación Integral, e que

tres delas xa foron concedidas.

En 2021, co entón goberno do BNG, aprobouse a declaración de Área de Rehabilitación Integral (ARI) de ámbito urbano da zona vella de Ponteareas, co obxectivo de "dinamizar o núcleo histórico e mellorar a calidade de vida das persoas".

ERDP
El Rincón del Perfumista
Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor

886 311 003 | 633 535 053 | www.erdp.es | info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

mariquita mimosa
Ropa infantil Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

Tunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Otero
Peluqueros

Santa Ana, n.º 27
Ponteareas
Caballeros: 986 661 020
Señoras: 986 660 444

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amade garró nº9, Ponteareas - 36822, 47

By Barriguiñas
Especialista en Ceremonia infantil, arras, comunión e bautizo

627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

Quedan sen aprobar os Orzamentos 2024 para Mondariz

O Alcalde Calis Montes cualificou de "moi grave e irresponsable" a actitude dos grupos da oposición PP, BNG e PSOE ao negarse a aprobar os Orzamentos 2024 sen escoitar as propostas do goberno e presentar enmendas conxuntas.

O goberno municipal informou que o orzamento incluía partidas para pagar a débeda total do 2019 ao 2021 ás entidades menores gobernadas polo BNG, par-



tidas para o programa de envellecemento activo, limpeza sub-sidiarias de xestión de biomasa para evitar incendios e o incre-

mento en partidas como a de mantimento de saneamento, abastecemento e vehículos municipais, todos eles servizos básicos.

O PSOE critica o soldo dos tenentes de Alcaldes

Os socialistas responderon criticando que o pleno municipal foi convocado "con carácter de urxencia" en menos de 24 horas e que o rexedor mantivo unha "actitude ditatorial". Indicaron que no pleno ordinario os partidos

da oposición levaron unha enmenda aos presupostos onde pasaban a partida de altos cargos e seguridade social das tenencias de alcaldía (sobre 50.000 €) a outras partidas orzamentarias como son servizos sociais, parque empresarial, ou suministro de combustibles. Afirmaron estar dispostos a aprobar o orzamento cunha modificación do 7% no gasto, pero sen ampliar os soldos dos políticos.

I Programa de Emprego Xuvenil

A consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia vén de conceder ao Concello de Ponteareas 438.603,20 euros para a posta en marcha do programa de emprego "Compromiso Xuvenil" para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe).

"Compromiso Xuvenil" contratará e formará en alternancia coa práctica profesional a 16 alumnas e alumnos ao longo de doce meses nas modalidades de dinamización turística e ocio e tempo libre e na de promoción turística. Ademais, o alumnado



porá en marcha o proxecto de Enoturismo coa intención de innovar e programar unha serie de actividades, congreso, feiras e xornadas que amplifiquen a implicación de Ponteareas neste

sector sendo xa parte da Ruta do Viño Rías Baixas. Tamén deseñarán un programa infantil e xuvenil con actividades lúdicas e culturais para a conciliación familiar e laboral.

Pechará a protectora Os Biosbardos

Vía redes sociais, a protectora Os Biosbardos, formada por voluntarios, anunciou que debido á falta de recursos económicos verase na obriga de pechar as súas portas tras catorce anos de traxectoria, poñendo en risco aos 500 animais que aínda teñen ao seu cargo, algúns deles con enfermidades crónicas.

A comezos de 2024 os gastos

desta asociación superaron os 140.000€ mentres os seus ingresos foron de 88.000€, un déficit que fai insostible a súa situación, razón pola que deixaron de aceptar máis animais en situación de refuxio. Os elevados custes veterinarios, a alimentación, mantemento e traslados a hospitais fóra da provincia fan practicamente imposible manter o seu funcionamento.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Blona**
C/ MEROUCEX Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 | 649 449 459

PUNTO DE VENTA

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Yago's

english pub

Mondariz- Balneario

Café **Chocolat**

Mondariz Balneario

CONDADO/PARADANTA

A CAÑIZA

A Cañiza "porá en valor" a súa Festa do Xamón

Presentada a LVIII edición con novidades e máis de 70 actividades

Como vén sendo costume nos últimos anos, o restaurante "Os do Resero" foi o escenario da presentación da LVIII edición da Festa do Xamón da Cañiza, que se celebrará o 15 de agosto na Carballeira de Cacharado e que consolida a este municipio da Paradanta como un referente a nivel galego e incluso ibérico.

No acto de presentación estiveron presentes o anfitrión, o Alcalde Luís Piña, acompañado dos seus homólogos do Covelo, Pablo Castillo, tamén presidente da GDR Condado-Paradanta; da Cámara Municipal de Melgaço, Manoel Batista (quen será o primeiro presidente da recén constituída Eurocidade do Miño, segundo adianto o propio Luís Piña); e de

Melón, Emilio Díaz, ademais da tenente de Alcalde de Vigo Elena Espinosa, e de Víctor Barros, un dos responsables da organización destas Festa-Feira, fundador da Asociación de Cortadores de Xamón de Galicia e director do IX Certame de Cortadores de Xamón.

Piña salientou que esta edición contará con máis de 70 actividades e novidades gastronómicas como



as Croquetas de xamón, mantendo o prezo de ración (7€) do ano pasado con viño Albariño Denominación Rías Baixas, cuxas adegas Eido da Fonte e Abelán tamén estiveron presentes, e sorte in-

cluído de tres xamóns. Pola súa banda, Espinosa celebrou este evento porque "pón en valor o xamón da Cañiza" como un "típico exemplo de xeración de riqueza" agrogandeira e gastronómica.

Avanzan as obras no Campo de Fútbol de Augas Férreas



Alcalde Luis Piña visitou as obras do Campo de Fútbol de Augas Férreas acompañado do Director do proxecto de reforma, Julio Calderón, da empresa Calderon&Asociados, da responsable de zona da constructora, Ana Comesaña (empresa PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A) e da súa xefa de obra, Sara Fariña.

A reforma conta con dúas subvencións da Deputación provincial. Unha axuda de 479.948,21€, concedida a través do Plan PON30, aprobada polo Pleno da Deputación o 23 de xuño de 2023 e unha segunda subvención do Plan +Provincia 2024 de 150.970,34€. Ambas axudas permitiron que o Concello non teña que aportar recursos propios.

Renovado o Servizo de Atención Temperá ata 2026

O pleno municipal do Concello da Cañiza aprobou a renovación ata 2026 do Servizo de Atención Temperá (SAT) posto en marcha desde 2022 cos Concellos do Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario e Melón e que agora se renova ata o ano 2026. O pleno tamén aprobou a modificación do Convenio que rexe esta xestión compartida, aumentando a súa dotación económica, toda vez faculta ao Alcalde Luís Piña

a representar a estes Concellos. A renovación deste convenio tamén permitirá poder solicitar as axudas da Xunta de Galicia que financian o 100% do Servizo, sendo un total de 208.975,10€ para as dúas anualidades. Así, o Concello da Cañiza solicitará a subvención para financiar os 208.975,10€ que costará o servizo durante estes dous anos; unha axuda cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

58 FESTA-FEIRA DO XAMÓN NA CAÑIZA

14 e 15 de agosto de 2024

LUNS 12
 Ás 22.30h na Praza Maior actuación de **SOMOZA TRÍO**

MARTES 13
 Ás 18.00h na Rúa Oriente **OBRADOIRO DO BOCATA** xigante
 Ás 22.30h na Praza Maior actuación da Banda **LOS PLATINOS** e a discoteca **RADIKAL**

MÉRCORES 14
 Ás 12.00h **PASARRÚAS** cos nosos **CABEZUDOS** centenarios dende a Casa do Concello acompañados polo Grupo de Gaitas **SANTA CRISTINA DE VALEIXE** e a **CHARANGA OT**
 Ás 19.00h **MASTER CLASS DE CORTE DE XAMÓN** e **CATA DE VIÑOS** diante da Casa do Concello (acceso libre e aforo limitado)

Entre ás 18.00 e 20.00h Partidos de fútbol masculino e feminino en disputa do **TROFEO FESTA DO XAMÓN** no Campo Municipal do Vieiro
 Ás 22.30h **GRAN VERBENA** amenizada polas **ORQUESTRA ALABAMA** na Rúa Antonio Facorro e a **ORQUESTRA GALILEA** na Praza Maior

XOVES 15. "58 FESTA FEIRA DO XAMÓN"

11.00h Venda de tickets para **XORNADA GASTRONÓMICA DE DEGUSTACIÓN** na Carballeira do Cacharado
 11:00h Comezo do **IX CONCURSO NACIONAL DE CORTADORES DE XAMÓN**
 12.00h Desfile da **COMITIVA DO XAMÓN** dende o Concello ata a Carballeira do Cacharado
 12.30 a 13.30h Actuación dos Grupos de Gaitas "**O CRUCEIRO**" da Cañiza e da "**ASOCIACIÓN CULTURAL SANTA CRISTINA DE VALEIXE**"
 14.30 Entrega de premios do **CONCURSO DE CORTADORES DE XAMÓN** e sorteo de 3 **XAMÓN**S
 19.00 Animación infantil na Rúa Oriente: "**O SHOW DO FIFO**" pola Compañía **TROULA ANIMACIÓN**

Ás 22:30h na Rúa Antonio Facorro e na Praza Maior **GRAN VERBENA** a cargo das **ORQUESTRAS LA TRAVESÍA e COSTA DORADA**







COVELO

Nito protagoniza a campaña de Aceites Abril sobre a Festa do Churrasco

A empresa ourensá Aceites Abril lanza unha nova campaña baixo o paraugas "F facendo Mellor aos Mellores" da man dos veciños de Covelo, Betanzos e Herbón e as súas feiras gastronómicas, auténticos templos do churrasco, a tortilla e o pemento, respectivamente.

E faíno a través de tres creatividadeas cargadas de forza e poderío gastronómico: Nito, alma mater da "Festa do Churrasco de Covelo"; Jorge Río, veciño de Betanzos e gañador en dúas ocasións do Concurso á Mellor Tortilla Caseira na Semana da Tortilla de Betanzos; e



Milagros, presidenta da Denominación de Orixe Protexida "Pemento de Herbón". Os tres dan voz a unha mensaxe sinxela e contundente:

"Somos de Churrasco", "Somos de Tortilla", "Somos de Pementos", o tridente de calquera reunión estival que se prece.

Renovación da iluminación do campo de fútbol de Covelo

O Concello de Covelo obtivo unha axuda de 54.084,16€ para a renovación da iluminación deportiva do campo de fútbol municipal Amable Ramón Martínez Vidal "Moncho" que permitirá un aforro de ata o 60% do gasto en enerxía eléctrica. Neste campo adestra e xoga o Club de Fútbol Covelo que acaba de nomear nova directiva e que abre unha nova campaña de captación de masa social para dar apoio á promoción de hábitos de vida saudable a través da práctica deportiva.



"+Música" levou a Pelepau á Cañiza

A través do programa "+Música", a Deputación levou este 11 de agosto á Rúa Praza Maior da Cañiza a actuación musical de Pelepau, unha formación nacida en 2010 co fin de adaptar temas de tradición

galega para percusións e voces. Esta agrupación está composta por 11 percusionistas, todos eles mestres en escolas e agrupacións de música e danza tradicional galega de recoñecida traxectoria. Teñen dous discos publicados,

'Fío e Agulla' e 'Na beira'. Cun orzamento total de 600.000€, esta é unha das 59 actuacións que entre maio e setembro desenvolve o ente provincial nos 59 Concellos de menos de 50.000 habitantes.

Covelo creará unha comunidade enerxética



O pleno do Concello aprobou por unanimidade a creación dunha comunidade enerxética e dará xa os primeiros pasos grazas ao apoio da Axencia Instituto Enerxético de Galicia que vén de concederlles 11.040€, o 80% do custo subvencionable, para contratar a asistencia técnica para definir as infraestruturas enerxéticas

necesarias e fixar os estatutos que rexerán a operativa e xestión da súa primeira comunidade enerxética. Isto permitirá fomentar a participación da cidadanía na transición enerxética, promover o uso de enerxías renovables fronte aos combustibles fósiles, contribuír á redución de emisións de CO2 e loitar contra a pobreza enerxética.

Banda ancha de calidade por satélite

No marco do programa UNICO-Demanda Rural que celebrou encontros informativos organizados pola subdelegación do goberno do Estado en Galicia, o Alcalde do Covelo, Pablo Castillo, informou que para aqueles veciños e veciñas que non contan co servizo de fibra óptica ou conexión a internet de alomenos 50 megas

por segundo poderán solicitar o servizo de Hispasat que ofrece banda ancha por satélite de calidade. A cidadanía pode optar a este servizo que ten un custo de 35 euros/mes IVE incluído de tarifa plana. A instalación subvenciónase ata 600€ e a persoa usuaria pode darse de baixa en calquera momento sen prazos de permanencia.

Nova edición do Curro do Pedroso

Cañiza celebrou este 4 de agosto o Curro do Pedroso, unha festa de forte carácter enxebre que recupera a tradición cabalar nacida no primerio domingo de agosto de 1994 da man dun cañicense de Oroso, Castor Pablo Rodríguez

Pérez, e organizado pola Asociación Cabalar Pedroso de Ribadil.

O artista Bruxo Queiman foi o mestre de cerimoniaas desta nova edición, encargado de guiar a todos os presentes por cada momento da xornada.

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

GALICIA NA ISEÑORA
SAÚDE. SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

LOURIÑA

O PORRIÑO

O BNG pide un "soterramento ambicioso" para a vía do tren

Os nacionalistas porriñeses criticaron que a maioría do PP impediu aprobar a moción do BNG que solicitaba acordar unha posición común do Pleno da Corporación Municipal no relativo ao soterramento da vía do tren. O BNG pide que este soterramento chegue, como mínimo, desde a propia estación até a entrada do Paseo do Louro, superando o cruce coa rúa Xogo da Ola. Aduce que non existen problemas técnicos senón falta de vontade política.

O proxecto que a día de hoxe contempla ADIF para O Porriño só valora soterrar a vía do tren



nun tramo de 300m lineais desde a actual estación do Porriño, limitándose a eliminar o paso a nivel. A proposta do BNG implica gañar unha grande superficie para

uso público sobre a vía soterrada e de comunicación ao centro da vila co río e con Torneiros, eliminando a barreira artificial do paso do tren.

Melloras viais nos polígonos industriais

O Concello do Porriño acometerá nos próximos meses a mellora de varios viais do parque empresarial da Granxa, concretamente na Casilla en Atios. O proxecto vén de licitarse cun orzamento base de máis de 114.000 euros, que se financiará ao abeiro dunha achega da Xunta de Galicia e aportación municipal. Simultaneamente levarase a cabo a adaptación do sistema contraincendios do PPI-6, que requirirá unha inversión de preto de preto de 37.000 euros.

Ademais, levouse a cabo unha exhaustiva revisión do sistema de



abastecemento de auga contraincendios do PPI. 6-2, que acusa o deterioro do paso do tempo, e

unha vez detectadas as incidencias procederá a resolverlas para adecualo á normativa vixente.

BNG denuncia contaminación acústica nas festas

O pleno municipal aprobou reducir a contaminación acústica a iniciativa do BNG, tralas recentes críticas por parte do seu voceiro Pedro Pereira polo "modelo de cultura custoso, limitador e de incomodidades

para a veciñanza" dende a chegada do PP ao goberno e que causan "ruído, suciedade e graves desperfectos".

Neste sentido os nacionalistas denunciaron "a situación privilegiada do mundo da orquestra no

Concello" especialmente "certas compañías como a Orquestra Panorama, que recibiu 80.000€" das arcas municipais e a contratación de Djs, entre outros; todo isto "cando en marzo pasado as contas do Concello entraron en déficit".

Do Porriño á República Checa



O alcalde, Alejandro Lorenzo, e o concelleiro de Deporte, Abel Estévez, despediron ao piloto porriñés José Calvar, quen sairá desde O Porriño cara ao Barum Czech Rally Zlín, a proba do campionato europeo de rallies que se celebra na República

Checa entre o 16 e 18 de agosto. Calvar ten un palmarés con preto de 100 carreiras no seu haber e o recoñecemento de terse feito coa Copa Suzuki CERA 2014, Copa Kobe Motor CERT 2015, Copa Recalvi 2017, Históricos Cera en 2018, 2019, 2021 e 2022.

DisCamino impulsa o Camiño en bici



O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, participou nun dos adestramentos de DisCamino, asociación creada en 2009 contra a persoa discapacidade sensorial, física ou intelectual e que impulsa a iniciativa de peregrinar a Compostela en bicicleta.

Durante este ano DisCamino realiza sesións de adestramento os martes, xoves e sábados para pedalear durante unha hora, con bicis e sillas de montaña adaptadas. Todos os domingos faise tamén unha saída máis larga con sillas de rodas de montaña.

www.novasdoeixoatlantico.com

Bodas - Comunións
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

O PORRIÑO

Presentada a Axenda Urbana e Rural

Logo dunha detallada diagnose levada a cabo nos últimos meses, que involucrou a responsables políticos, ao equipo técnico do Concello e a representantes das entidades sociais, económicas e ambientais do territorio, O Porriño presentou a súa Axenda Urbana e Rural. Trátase dun documento que se desenvolveu seguindo a metodoloxía da AU española e que pretende dar resposta aos retos e problemáticas identificados no municipio, co obxectivo de lograr un Porriño máis inclusivo, integrado, resiliente e sostible.

A Axenda Urbana e Rural do Porriño artículase ao redor de cinco eixos estratéxicos, que á súa vez integran 19 liñas de ac-



tuación, 47 medidas e 132 proxectos ou accións piloto, a implementar no curto, medio e longo prazo. Entre as principais propostas inclúense a ampliación do espazo público no centro urbano do Porriño; a rexeneración urbana integral no núcleo de Torneiros; ou

a mellora ecolóxica e integración na trama urbana dos leitos fluviais do Porriño, así como a creación de núcleos de centralidade nos principais núcleos rurais; a consolidación da rede de saneamento e abastecemento, ou a posta en marcha do Foro Empresarial.

Campus de Voluntariado Internacional

Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Lara Meneses, e o concelleiro de Xuventude, Antonio Barros, visitaron o Campo de Voluntariado Internacional "Gándaras de Budiño", impulsado polo Concello do Porriño en colaboración coa Xunta no marco da campaña "O teu mellor verán". O obxectivo deste campus é destacar a biodiversidade e o gran valor medioambiental das Gándaras de Budiño. Neste Campus, que tamén engloba actividades culturais e lúdicas, participan 15



mozo/as de entre 18 e 30 anos

Cuenca, Zaragoza, Badajoz, Valencia, Navarra e Galicia.

O Porriño, parada fundamental do Camiño de Santiago

Un total de 56.033 peregrinos pasaron polo Porriño no que vai de ano, un 7% máis que en 2003, consolidándose como unha parada fundamental no Camiño de Santiago.

Tal e como se recolle no rexistro da Oficina do Peregrino de San-



tiago de Compostela, un 34% dos peregrinos que pasaron pola Vila do Louro son españois e un 66%, preto de 36.000 persoas, doutros países: Portugal (14,34%), EEUU (7,3%), Alemaña (6,83%), Italia (4,44%), Brasil (2,99%), Reino Unido (2,80%) e Holanda (2%)

Rede de saneamento para 32 vivendas de Chenlo



O Consorcio de Augas do Louro adxudicou as obras de extensión da rede de saneamento de Chenlo, que beneficiará a preto de 100 veciños da parroquia.

En total, executaranse 876 m de tuberías e executaranse 40 pozos de rexistro de formigón,

para conectar 32 vivendas. Ademais, realizarase o recrecido de 13 arquetas existentes e 104 de cuneta de formigón. A obra licítouse cun orzamento base de case 260.000 euros e xa foi adxudicada por 240.000 euros, polo que os traballos darán co- mezo nas próximas semanas.

Mapa de ruídos contra a contaminación acústica

O grupo municipal do BNG presentou unha moción na que se solicita elaborar un mapa de ruídos para avaliar a calidade acústica e delimitar decibelios, segundo a densidade poboacional. Supón un plan de acción para deseñar, xunto co tecido asocia-

tivo local, estratexias para reducir a contaminación acústica e descentralizar eventos; solicitar a colocación de pantallas absorbentes nos tramos das autovías A-55 e A-52 próximos ás vivendas; e un regulamento para o uso da pirotecnia nas festas.

As mellores notas da ABAU

Nicolás Punzón Carnicero, cunha nota de 13,122, e Anxo Alonso Pereira, cun 12.784 na ABAU, son os estudantes do Instituto Pino Manso do Porriño con mellores na ABAU celebrada en xuño. O alcalde e a concelleira de Educación, Carolina González, recibíronos na Casa Consistorial. Nicolás estudará Física na USC mentres Anxo comezará en se-



tembro Traducción e Interpretación en Vigo.

Bolboreta
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

PN Verónica Bastos

POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com

LOURINHA

Concello e Xunta acordan o "Novo Puxeiros"

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, reuniuse co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, para abordar tres proxectos de máxima importancia para o municipio, nos que concretaron detalles de prazos e financiación: o novo tramo de humanización no Alto de Puxeiros, proxecto denominado "Novo Puxeiros"; o Macro Proxecto Socio-sanitario do Rebullón; e se estudará a remodelación da contorna da Igrexa de Pereiras.

O "Novo Puxeiros" dotará dun carácter urbano aos viais incluídos no ámbito de intervención, dándolle continuidade ao tratamento que existe actualmente no tramo contiguo da Avenida de Puxeiros. O Macro Proxecto Socio-sanitario



do Rebullón, pioneiro e único en España, avanza na infraestrutura socio-sanitaria que consta de Centro de Saúde, Centro de Coidados Intermedios, Residencia de Maiores e Escola Infantil estará rematada

dentro da presente lexislatura.

Respecto á remodelación da contorna da Igrexa de San Miguel de Pereiras, valorarán o proxecto do Concello, no que Bispado xa lle cedeu os terreos por 50 anos.

Actualización do inventario de bens inmobles



Con investimento de 32.500€ e tras máis de 20 anos sen revisar, o Concello do Porriño actualizará o seu Inventario Municipal de Bens Inmobles (IMBI) coa finalidade de acadar a transparencia e eficiencia na administración dos bens públicos.

Para iso levarase acabo a investigación e actualización do IMBI, que abarcará a identificación, comprobación e orde-

nación dos bens que estean ou deban estar incluídos, que en base ao catastro rondan as 200 propiedades a catalogar. A continuación procederase á actualización do Inventario do patrimonio público do chan no Concello. Por último, implementárase a súa Dixitalización coa creación dun proxecto SIX (Servizo de Información Xeográfica) para mellorar a accesibilidade e xestión dos datos.

Nenos saharauís en Vacacións en Paz

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, mantivo un encontro con rapaces saharauís e familias que participan no programa Vacacións en Paz, acompañada da alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, o delegado saharauí en Galicia, Mohamed Mehdi, e a presidenta de Sogaps-Solidariedade Galega co Pobo Saharaí, Maite Isla, recentemente condecorada coa Medalla Castelao.

A Xunta colabora con 100.000€



coa SOGAPS para colaborar no traslado destes menores a Galicia. Este verán son case 290 os rapaces

saharauís acollidos en máis de 240 fogares galegos, 50 máis que o ano anterior.

Mos saneará 13 vivendas na parroquia de Cela

A Xunta de Goberno Local do Concello de Mos aprobou a iniciación do procedemento de licitación da obra de acometida do saneamento no Camiño do Carballo, na parroquia de Cela,

da que se beneficiarán 13 vivendas e 52 persoas. O prazo de presentación das ofertas de licitación por parte das empresas remata a mediados de agosto. A obra será financiada grazas á con-

cesión de subvención ao Concello ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1 – investimentos da Deputación de Pontevedra, cun importe de 112.736,51 euros.

"Diversidade no Camiño"



A concellería de Igualdade e o CIM de Mos está a promover diversas iniciativas que tinguen de multicolor o municipio co obxectivo de avanzar nun Concello máis igualitario e tolerante. Para elo realizouse o grafiti "Diversidade no Camiño", cuxa execución

contou con apoio autonómico para a súa financiación, e que foi realizado pola artista Raket Carvallo, de Vella Escola Cultura Urbana Galicia, quen aproveitou tamén para realizar un obradoiro. O mural está en Amieiro, parroquia de Sanguineta.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas e autónomos.
- Herencias e tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG TALLERES

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 C/ Cando, 15 O PORRIÑO

986 642 719 C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

SALCEDA DE CASELAS

1,4M€ de remanente para pagar facturas pendentes

O Concello conta cun remanente positivo de tesourería de case 1,4 millóns de euros, provintes do exercicio de 2023, que poden ser empregados en pago de facturas sen ter que acudir a un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito.

A Alcaldesa Loli Castiñeira convocou unha sesión extraordinaria da Corporación, que deberá aprobar este trámite, con obxectivo de que as empresas, que realizaron traballos para o Concello, poidan cobrar. O total do remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.395.562,07€, dos cales se propón nesta ocasión a incorporación ao orzamento de



1.032.358,87€ que permitirían o pago das facturas pendentes ata abril de 2024, incluídas as que están pendentes de aprobación a través de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito do ano 2023.

A rexedora lembrou que se deixa ao mesmo tempo déixase unha reserva de máis de 300.000€ para vindeiros pagos de facturas ao longo do ano.

Preparando o novo ano escolar

O Concello continúa este verán coas actuacións de mellora e mantemento dos seus centros educativos, comezando polas escolas unitarias, como a de Barreiro, na foto, ou no colexio de Altamira onde se chorrearon as paredes para eliminar toda a suciedade. É momento de pintar, limpar en profundidade, acondicionar os patios, cambiar luminarias, o chan, etc.



Comezan as obras para o primeiro velatorio



Alcaldesa Loli Castiñeira, visitou as obras do primeiro velatorio da localidade, que constrúe en Parderrubias a empresa Velasal 22, unha vez que acadou todos os permisos necesarios.

A iniciativa desta empresa privada dotará á localidade de dúas salas de velacións e todos os servizos necesarios para a

velación e o enterro. Ata o de agora as familias de Salceda víanse obrigadas a desprazarse a Salvaterra, Tui, Porriño ou Ponteareas ante a falta dunha instalación deste tipo no municipio. A empresa considerou adecuado para construír este velatorio a parroquia de Parderrubias, concretamente o barrio de Maceira, pola súa localización céntrica.

Pasamento da escritora Begoña Gil

O Concello comunicou o seu pesar polo pasamento da escritora salcedense Begoña Gil, que presentou hai uns meses no Auditorio Municipal o seu último libro.



**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinac, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 00
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

AXA

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASSESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

Luís Piña | Alcalde da Cañiza

"Queremos reforzar a Festa do Xamón da Cañiza porque é a nosa bandeira"

En vésperas da celebración da LVIII Festa do Xamón da Cañiza este 15 de agosto, o Alcalde Luís Piña repasou a actualidade neste o seu segundo mandato ao fronte da Corporación Municipal.

Por Roberto Mansilla
LVIII Festa do Xamón da Cañiza, declarada de Interese Turístico. Que novidades temos na programación desta edición?

Na liña do que viñamos facendo con algún pequeno cambio a maiores; vai estar o Xamón Serrano, que é a estrela gastronómica, Xamón Asado, empanada de tortilla de xamón e como novidade as Croquetas de xamón. Mantemos o prezo de 2023 (7€ a ración) con viño Albariño Denominación Rías Baixas. Queremos tamén superar o récord do maior bocadillo de xamón, teremos unha cata de degustación e o habitual concurso de cortadores no carballeira do Cacharado. Dende o Concello queremos reforzar este evento porque é algo noso. Serán dous días de verbena con orquestras, obradoiros, deporte, cultura.

A hostalería local tamén está implicada porque é unha festa gastronómica.

Existen perspectivas de ampliar a súa proxección a nivel nacional e incluso internacional?


De cara ao futuro queremos ampliar en tempo o evento na carballeira e reforzar o aspecto de Feira do Xamón na Cañiza. Estamos na liña por conseguir a Identificación Xeográfica Protexida (IXP) do Xamón da Cañiza porque é a nosa bandeira; tentaremos certificar o xamón da Cañiza porque por iso somos coñecidos en toda Galicia. E para iso debemos implicar tanto aos produtores de xamón como tamén do viño.

Zona Franca ven de aprobar os orzamentos 2025 contemplando ampliar o solo industrial na Cañiza. Cómo van estes proxectos?

Para nós é un eixe central. No mandato anterior conseguimos un convenio coa Zona Franca porque é unha entidade clave en materia empresarial, comercial e de globalización. Somos un punto estratéxico no centro do Sur de Galicia, equidistantes con Ourense e Portugal, coa que temos moita relación xa que estamos impulsando a Eurocidade do Miño. Pero tamén formamos parte da Área Metropolitana de Vigo, a máis potente de Galicia. Por iso estamos dando pasos para a tramitación deste solo industrial, que será financiado pola Zona Franca. Tamén está o proxecto do Novo Parque Empresarial da Cañiza, fundamental e positivo e que require a implicación das distintas administracións, indistintamente da cor política.

Precisamente, vén de constituírse esta Eurocidade. Cales son as expectativas para A Cañiza?

Estamos moi implicados neste proxecto porque somos limítrofes con Portugal. É unha oportunidade para a integración no territorio, neste caso entre cinco Concellos (As Neves, Crecente, Arbo, A Cañiza e Melgaço) Corresponde por tanto a dúas unidades territoriais ben definidas, catro Concellos españois e un portugués que miramos ao Río Miño e temos tamén a principal arteria de comunicación



que é a A-52. Vainos permitir ter unha interacción completa, afianzando as infraestruturas municipais, servizos ao cidadán, cultura, proxección turística e acceso ás axudas europeas.

A Deputación de Pontevedra anunciou a promoción da Vía Mariana no FITUR 2025. Cales son as demandas principais por parte do Concello da Cañiza para a promoción desta ruta?

Se ben é certo que na Cañiza está a sede principal da Vía Mariana, tódolos Concellos polos que pasa esta ruta temos conciencia da súa importancia turística, cultural e relixiosa. Tócanos por tanto dotar das infraestruturas de comunicación necesarias; temos feito sinalización en paneis na Franqueira e Parada financiados completamente polo Concello da Cañiza; e no relativo ás administracións públicas axudarnos no mantemento e promoción da Vía e tamén achegas públicas para a dotación de servizos para os peregrinos. Teño información de que

as Deputacións de Pontevedra e da Coruña e as Câmaras portuguesas están tamén na liña de axudar á promoción desta ruta.

Acaba de cumprir o primeiro ano do seu segundo goberno municipal. Pode facer algún balance?

Satisfacción. Queda moito por facer e estamos adicando moitas horas de traballo para afrontar todas aquelas oportunidades que fun abrindo no mandato anterior. A grosso modo falamos de seguir avanzando en infraestruturas como a reforma no campo de fútbol, os nosos pavillóns municipais, potenciar o turismo, os servizos sociais como a Atención Temperá, o plan contra a violencia de xénero, a total transformación eléctrica do municipio e xerar novo solo industrial como o xa mencionado Novo Polígono Industrial da Zona Franca, o mellor axente comercializador que podemos ter. Sempre tamén actuando en coordinación coas administracións veciñas.

Ferretería
Julio Pérez Giraldez
Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA
julloperezgiraldez@hotmail.com

acero plus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB
☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68
Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

milfollas
LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas
milfollas@mundo-r.com